

Informe de avaliación de datos turísticos

Verán 2018



galicia


DEMANDA TURISTICA

Comportamento negativo da demanda turística nos establecementos regrados de Galicia –hoteis, pensións, apartamentos turísticos, cámpings e turismo rural- no primeiro mes do verán deste ano 2018. A cifra de viaxeiros aloxados descende un 14,1% e o volume de noites un 10,3% en relación ao mesmo período de 2017.

Con estas caídas Galicia rompe unha serie de cinco anos consecutivos de crecemento da demanda turística no conxunto dos establecementos regrados.

A estadia media mellora neste contexto de caída, superando nun 4,5% a cifra do mes de xullo de 2017.

Evolución da demanda turística nos establecementos regrados. Xullo 2018/17



DEMANDA TURISTICA

Noites nos establecementos regrados e variación interanual por CC.AA. Xullo 2018

NOITES	
ESPAÑA	62.174.281
Cataluña	13.253.028
Baleares	12.913.668
Canarias	9.214.822
Andalucía	8.941.966
C. Valenciana	6.513.126
Madrid	2.477.296
<i>Galicia</i>	<i>1.575.160</i>
Castela e León	1.281.778
Cantabria	1.043.505
Aragón	963.602
País Vasco	963.072
Asturias	934.648
Murcia	640.173
Castela A Mancha	498.204
Navarra	370.868
Extremadura	352.618
A Rioxa	205.497

Var. Int. NOITES	
ESPAÑA	-2,8%
Castela A Mancha	5,1%
Madrid	3,2%
País Vasco	3,2%
Cantabria	2,9%
Aragón	1,1%
Andalucía	0,9%
Murcia	0,1%
Baleares	-0,1%
Extremadura	-0,6%
Castela e León	-1,2%
A Rioxa	-3,8%
C. Valenciana	-4,2%
Cataluña	-5,7%
Canarias	-6,1%
Asturias	-10,1%
<i>Galicia</i>	<i>-10,3%</i>
Navarra	-13,0%

DEMANDA TURÍSTICA

- O descenso da demanda turística en Galicia prodúcese nun contexto de dinámicas contrapostas no conxunto de España. A nivel estatal obsérvase unha caída global do 2,8% no volume de pernoctacións como consecuencia dun descenso paralelo da cifra de viaxeiros aloxados –do 2,2% neste caso–.
- Son seis os destinos que presentan un comportamento positivo da demanda neste mes de xullo, a taxas variables mais non moi elevadas. Destaca en intensidade Castela A Mancha, comunidade que supera nun 5,1% os niveis do pasado ano. Seguen en orde de importancia, con incrementos do contorno do 3% interanual, Madrid, o País Vasco e Cantabria –destinos localizados no norte peninsular–.
- No lado contrario é Andalucía o destino de crecemento máis moderado, inferior ao 1% interanual.
- Murcia e Baleares mantéñense en cifras semellantes ás do pasado ano, sendo os únicos destinos que estabilizan os niveis de demanda.
- Finalmente son nove os destinos que, pola contra, amosan un comportamento negativo, con caídas no volume de pernoctacións no aloxamento regrado. Estremadura marca o descenso máis moderado –do 0,6%– mentres que Navarra rexistra a caída de maior intensidade –do 13,0% neste caso–. É a comunidade que presenta o peor comportamento neste período.
- Galicia ocupa o sétimo lugar no ranking das CC.AA. representando o 2,5% do total de España neste mes de xullo de 2018.


DEMANDA TURISTICA

No conxunto dos primeiros sete meses do ano obsérvase igualmente un comportamento negativo da demanda turística en Galicia. Descende a cifra de viaxeiros aloxados, un 8,0%, así como o volume de noites, un 5,5% neste caso, en relación ao mesmo período do pasado ano.

Rómpese desta maneira unha tendencia de crecementos consecutivos nos catro anos anteriores, colocando o nivel final en pouco máis de 5,1 millóns de noites.


Mellora a estadía media neste contexto negativo –un 2,7% e por terceiro ano consecutivo–, situándose en 2,05 noites no conxunto do aloxamento regrado.

Evolución da demanda turística nos establecementos regrados. Acumulado a xullo 2018/17



En termos de viaxeiros aloxados a caída deste ano da continuidade a unha tendencia que se viña rexistrando xa desde o 2016 cando se comezou a ralentizar o ritmo de crecemento de anos anteriores. Xa no pasado ano se rexistrara certo estancamento do volume de viaxeiros –en sentido estrito obsérvase unha caída do 0,4%- como precedente do descenso deste ano –do 14%- . Esta dinámica coloca o volume final de xullo deste ano en algo máis de 621 mil viaxeiros no conxunto do aloxamento regrado, a cifra máis baixa dos últimos catro anos.

Evolución viaxeiros aloxados nos establecementos regrados. Xullo 2013-18




DEMANDA TURISTICA

Do lado das pernoctacións a caída deste ano rompe cunha tendencia de crecementos consecutivos no cinco anteriores, con subas acumuladas desde xullo de 2013 que permitiron acadar no pasado ano un máximo histórico con máis de 1,75 millóns de noites. A caída deste ano coloca o volume final en máis de 1,57 millóns no mes de xullo, o dato máis baixo dos últimos tres anos –mais superior a toda a serie anterior-.

En termos absolutos a caída deste ano supón a perda de case 181 mil noites en relación ao mes de xullo do pasado ano.


Evolución das noites nos establecementos regrados. Xullo 2013-18



DEMANDA TURÍSTICA

No curto prazo, a caída da demanda no mes de xullo da continuidade a certa tendencia de comportamento negativo desde o mes de abril. Tendo en conta o conxunto do ano 2018 obsérvanse dous períodos diferenciados. Neste sentido, na primeira parte do ano –no primeiro trimestre- a demanda presenta un comportamento positivo con taxas de crecemento interanual en xaneiro e marzo e estabilidade en febreiro. A partir de abril, coincidindo case coa Semana Santa, a dinámica cambia e sitúase en cifras negativas rexistrando caídas nese mes –do 20%- e logo en xuño e xullo –en maio os niveis mantéñense estables-. A nivel global, por tanto, obsérvase mellor comportamento en temporada baixa fronte á temporada media e alta –neste caso considerando só o mes de xullo-.


Evolución da demanda turística nos establecementos regrados. 2018/17, por meses



MERCADOS TURÍSTICOS

Neste mes de xullo o 82% da demanda turística regrada corresponde ao turismo de orixe estatal, cifra que engloba tanto ao mercado interno –dos residentes en Galicia- como ao receptor nacional –españóis que proceden doutras comunidades autónomas-. Ambos segmentos xeraron preto de 1,3 millóns de pernoctacións neste ano. O turismo internacional supón, en cambio, o 18% do total da demanda regrada neste período con 287 mil pernoctacións neste caso.

Peso dos principais mercados nos establecementos regrados. Xullo 2018



■ ESPAÑOIS

■ ESTRANXEIROS


MERCADOS TURÍSTICOS

Obsérvase no inicio do verán un comportamento homoxéneo e negativo dos dous grandes segmentos de mercado, con caídas da demanda de notable intensidade.

O turismo nacional descende un 8,6% como consecuencia esencialmente dunha caída da cifra de viaxeiros aloxados, do 13,0% neste caso –nun contexto de leve mellora da estadia media–.

O mercado internacional presenta tamén unha caída da demanda, do 17,2% en relación ao pasado ano, como consecuencia dun descenso paralelo en intensidade da cifra de viaxeiros estranxeiros –do 17,3%–. A estadia media deste segmento mantense invariable.

Evolución dos principais mercados nos aloxamentos regrados. Xullo 2018/17




MERCADOS TURÍSTICOS

O descenso do turismo nacional neste inicio do verán contrasta cos incrementos rexistrados nos cinco anos anteriores –do 2,0% en xullo de 2013, do 4,0% en 2014, do 13,5% en 2015, do 15,0% en 2016 e do 1,9% no pasado 2017–, rompendo por tanto a tendencia positiva e colocando o nivel final en preto de 1,3 millóns de noites –a cifra máis baixa dos últimos tres anos mais superior a toda a serie anterior–.

En termos absolutos este descenso supón a perda de 121 mil noites en relación ao mes de xullo de 2017.

Evolución do mercado nacional nos aloxamentos regrados. Noites Xullo 2012-18




MERCADOS TURÍSTICOS

No caso do mercado internacional a evolución é parella. Logo de rexistrar crecementos consecutivos nos últimos cinco anos, de xullo de 2013 a 2017, o turismo estranxeiro rompe agora en 2018 esa tendencia co descenso do 17% no volume de noites nos establecementos regrados.

Esta caída –que se traduce na perda de máis de 59 mil noites en termos absolutos- coloca o nivel final de xullo deste ano en 287 mil noites –a cifra máis baixa dos últimos catro anos mais superior a toda a serie anterior-.

A demanda internacional queda por debaixo das 300 mil noites por vez primeira nos últimos tres anos.


Evolución do mercado internacional nos aloxamentos regrados. Noites Xullo 2013-18



MERCADOS TURÍSTICOS

No ámbito hoteleiro –que representa preto do 72% do total da demanda regrada- é posible realizar unha análise máis segmentada por mercados. En particular, obsérvase que o 23% do total da demanda turística corresponde ao mercado interno, isto é, á demanda xerada polos residentes en Galicia –con preto de 255 mil noites no mes de xullo-. O 57% provén das restantes comunidades autónomas –representa por tanto ao mercado receptor nacional, con preto de 647 mil noites- e o 20% ao turismo internacional –con máis de 226 mil neste caso-. Consólidase o forte peso do mercado nacional en Galicia no período estival.

Peso dos principais mercados nos establecementos hoteleiros. Xullo 2018




MERCADOS TURÍSTICOS

Obsérvase neste período un comportamento algo diferente dos tres grandes segmentos de mercado no sector hoteleiro, con variacións de diversa intensidade.

En sentido estrito o segmento de mellor comportamento relativo é o turismo interno, dos residentes en Galicia, que consegue manter as cifra de demanda en niveis case equivalentes aos do pasado ano.

O turismo receptor, en cambio, amosa unha dinámica negativa con caídas importantes tanto do segmento que provén do conxunto do Estado –o receptor nacional, que descende un 12,4%- coma do estranxeiro –o internacional, que cae neste caso un 17,1%-, porcentaxes referidas ás pernoctacións no ámbito hoteleiro.


Evolución principais mercados nos aloxamentos hoteleiros. Xullo 2018/17



MERCADOS TURÍSTICOS

ESPAÑÓIS

ESTRANX.



MERCADOS TURÍSTICOS

- Tendo en conta o volume global da demanda turística no segmento hoteleiro, o mercado interno –dos residentes en Galicia- representa neste mes de xullo o 22,5% do total das pernoctacións da comunidade –cifra inferior á do primeiro semestre deste ano-.
- Dentro do ámbito nacional Madrid é o principal mercado emisor a nivel nacional. Con 191 mil noites representa o 16,9% do total da demanda turística hoteleira.
- Seguen en orde de importancia Castela e León –co 8,0%-, Andalucía –co 6,4%-, Asturias -co 5,5%- e Cataluña –co 3,5% do total da demanda hoteleira neste caso-. Logo de Madrid, por tanto, os mercados máis importantes son, por unha banda, aqueles de maior poboación –Cataluña e Andalucía- e, por outra banda, aqueles de proximidade -Castela e León, e Asturias-.
- País Vasco e Castela A Mancha sitúanse a continuación cun peso do contorno do 3%.
- No ámbito internacional mantense Portugal como o principal mercado emisor a Galicia. Neste primeiro mes do verán rexístranse algo máis de 46 mil pernoctacións procedentes do país veciño, o 4,1% do total da comunidade e o 20,5% do total internacional.
- A nivel internacional destacan tamén como principais mercados Italia –co 2,0% das noites-, EE.UU. e Alemaña –ambas co 1,8%- e Reino Unido e Francia –co 1,2% neste caso-.
- EE.UU. sitúase, por tanto, en terceiro lugar conformando o primeiro mercado internacional non europeo. Tal circunstancia acontece por vez primeira no inicio do verán.
- Lonxe dos anteriores sitúanse, a continuación, Irlanda e Suiza –con cuotas baixas, inferiores ao 1% do total da demanda-.


MERCADOS TURÍSTICOS

O mal comportamento do mercado nacional vén como consecuencia das caídas rexistradas na maior parte dos principais mercados emisores. Así o manifesta en primeiro lugar o principal mercado –Madrid- cun descenso do 9,3% no volume de noites hoteleiras.

Neste contexto negativo sitúanse tamén mercados como Castela e León –rexistra unha caída do 10%-, Andalucía –cun descenso do 14%-, e Cataluña e o País Vasco –ambas con caídas superiores ao 20% interanual-.

No lado contrario destacan dous mercados por presentar cifras positivas e superar os niveis do pasado ano. Son Asturias e Castela A Mancha, que soben un 2,4% e 1,9% respectivamente en relación ao mes de xullo de 2017.


Evolución dos principais mercados nacionais nos aloxamentos hoteleiros . Noites Xullo 2018/17



MERCADOS TURÍSTICOS

A nivel internacional obsérvase un comportamento homoxéneo dos principais mercados, con caídas xeneralizadas de diversa intensidade. Neste sentido destacan os descensos rexistrados polo mercado portugués –do 9,4%, por ser o principal- e dos mercados italiano e francés –de notable intensidade, ambos rexistran caídas iguais ou superiores ao 30% interanual-. Os mercados anglosaxóns –Reino Unido e Irlanda- presentan tamén descensos importantes, do 13% e 18% respectivamente. No lado contrario os mercados que mellor comportamento relativo presentan neste mes de xullo –no sentido de presentar as caídas máis suaves, inferiores ao 5%- son Estados Unidos, Alemaña e Suíza.

Evolución dos principais mercados internacionais nos aloxamentos hoteleiros . Noites Xullo 2018/17




En liña coa distribución da oferta actual, o reparto territorial da demanda turística presenta un claro desequilibrio cara as provincias do litoral atlántico fronte o interior da comunidade.

Neste primeiro mes do verán as provincias de A Coruña e Pontevedra absorben o 83% do total da demanda cun reparto algo dispar –Pontevedra xera maior volume de pernoctacións con pouco máis de 573 mil neste mes, o 45% do total-. En A Coruña o nivel fica preto de 590 mil, o 38%.

O 17% restante queda nas provincias de interior, cifra que se reparte de forma algo dispar entre Lugo –que absorbe o 11% do total da demanda- e Ourense –provincia que tradicionalmente ten un menor peso na estrutura global da comunidade, cun 6% neste caso-.

Por vez primeira neste ano, e como característica propia da temporada alta, Pontevedra sitúase como a provincia de maior volume e peso no conxunto da comunidade.


Demanda turística REGRADA por provincias. Xullo 2018



ANÁLISE TERRITORIAL

O comportamento negativo da demanda a nivel da comunidade autónoma é unha característica que se observa, con diversa intensidade, no conxunto das catro provincias galegas. Neste sentido cae o volume de noites en todas as provincias, destacando en intensidade o descenso observado en Lugo –do 21% en relación ao pasado ano-. No lado contrario é Ourense a provincia que rexistra o descenso menos acusado –do 6,4% neste caso-. En A Coruña e Pontevedra as caídas sitúanse no 9,1% e 12,1% respectivamente. En todas as provincias o descenso da demanda provén esencialmente dunha caída da cifra de viaxeiros aloxados.

Variación da demanda turística REGRADA por provincias. Xullo 2018/17




O 38% da demanda hoteleira de Galicia deste primeiro mes do verán corresponde aos destinos urbanos da comunidade. Esta porcentaxe, aínda que importante, é inferior á rexistrada noutros momentos do ano nos que o turismo urbano supera o 50% do total das noites hoteleiras. Neste sentido confírmase que no verán adquiren maior peso relativo os destinos de litoral e de interior fóra das áreas urbanas. Sirva de exemplo municipios como Sanxenxo que lidera neste mes o ranking a nivel municipal rexistrando 170 mil noites hoteleiras no mes de xullo.

A cidade de Santiago lidera o ranking dos destinos urbanos de Galicia. Neste período rexistra algo máis de 134 mil noites nos establecementos hoteleiros, cifra que supón o 12% do total da comunidade. Seguen en orde de importancia as cidades de A Coruña –con 114 mil noites- e Vigo –con case 94 mil neste mes de xullo-.

As restantes catro cidades distan en volume e peso das tres anteriores, destacando en todo caso Lugo e Pontevedra –ambas por encimas das 24 mil noites-.

Demanda turística HOTELEIRA nos destinos urbanos de Galicia. Xullo 2018




ANÁLISE TERRITORIAL

En liña co comportamento do sector a nivel global, obsérvase neste primeiro mes do verán unha caída xeneralizada da demanda hoteleira nos destinos urbanos de Galicia. Destacan en intensidade os descenso rexistrados en Santiago –do 16%-, Lugo –do 18%– e Ferrol –do 15% neste caso-. No lado contrario é A Coruña a cidade de mellor comportamento relativo cunha caída do 3,2% en relación ao pasado ano.

En todos os destinos a caída da demanda provén esencialmente dun descenso da cifra de viaxeiros aloxados agás en Pontevedra onde o motivo principal reside nun descenso da estadía media –a cifra de viaxeiros neste destino sobe un 16% en relación a xullo de 2017-.

Variación da demanda turística HOTELEIRA nos destinos urbanos de Galicia. Xullo 2018/17




DEMANDA TURÍSTICA - TIPOLOXÍAS

O 71,6% da demanda turística regrada corresponde aos establecementos hoteleiros, porcentaxe que inclúe tanto aos hoteis –que representan o 59,9%- como ás pensións –co 11,6% neste caso-.

O 28,4% restante, en cambio, sitúase no segmento extrahoteleiro, porcentaxe que neste caso reúne aos apartamentos turísticos –que representan o 5,2% da demanda total-, aos cámpings –co 19,2%- e aos establecementos de turismo rural –que supoñen o 3,9% neste caso-.

Esta distribución da demanda é moi propia e característica dun período de temporada alta, cun peso importante dos hoteis –aínda que inferior ao que se rexistra noutros momentos do ano- e notable presenza dos cámpings –modalidade que xorde basicamente no verán pois en temporada baixa apenas representa o 1% do total-.

Reparto da demanda turística nas diferentes tipoloxías de aloxamento regrado. Noites Xullo 2018




DEMANDA TURÍSTICA – TIPOLOXÍAS

En relación coas tipoloxías de aloxamento obsérvase neste mes un comportamento negativo, con caídas da demanda en todas as modalidades consideradas.

Neste contexto son tres as tipoloxías que marcan descensos de notable intensidade, superiores ao 20% interanual nas pensións e no contorno do 18% nos apartamentos turísticos e nos establecementos de turismo rural.

Nos hoteis a caída sitúase no 8,2% quedando o descenso máis suave –ou menos acusado– nos cámpings –cun 3,4% neste caso–. Acontece en todas as modalidades que a caída da demanda provén esencialmente do descenso da cifra de viaxeiros aloxados, de forma case parella nalgunha delas.




DEMANDA TURISTICA – CATEGORÍAS

Dentro do ámbito hoteleiro obsérvase igualmente un comportamento homoxéneo e negativo, con caídas de diversa intensidade en todos os segmentos.

En termos xerais, as caídas son máis intensas a medida que baixa a categoría do establecemento. Deste xeito son as pensións, tanto de tres e dúas estrelas como as de unha estrela, as que rexistran os descensos máis acusados, superiores ao 20% interanual.

No lado contrario é o segmento de maior peso –hoteles de catro e cinco estrelas- o que presenta o mellor comportamento relativo no sentido de que presenta a caída máis suave –do 2,0% neste caso-.

En todas as categorías a caída da demanda provén dun descenso paralelo do volume de viaxeiros aloxados.




A estadía media nos establecementos regrados de Galicia increméntase neste primeiro mes do verán –un 4,5% en particular-, ata situarse en 2,54 noites de media.

É o terceiro ano consecutivo no que acontece tal circunstancia, con subas relativamente importantes que conseguiron superar en máis de tres décimas o valor da estadía media de xullo de 2015 –cando ficaba en 2,2 noites-. Con esta mellora a cifra de 2018 sitúase ao mesmo nivel que en 2011 e 2012.

Os cámpings son a modalidade que rexistra o valor máis alto con 4,1 noites neste mes de xullo. Nos apartamentos turísticos a cifra fica tamén nas catro noites, sendo estas dúas as tipoloxías cos valores máis elevados.

Nos hoteis e nos establecementos de turismo rural o nivel sitúase por encima das dúas noites -2,4 nos hoteis e 2,2 en turismo rural- mentres que nas pensións a cifra queda en preto de 1,9 noites de media.

Estadía media nos establecementos regrados. Xullo 2012-18




O comportamento da demanda tradúcese en todas as tipoloxías consideradas nunha evolución parella dos niveis de ocupación en relación ao mesmo período do pasado ano 2017, de diversa intensidade.

Neste sentido, obsérvase un descenso xeneralizado da ocupación en todas as tipoloxías sendo máis acusada nos apartamentos turísticos –segmento no que se rexistra unha caída de dez puntos porcentuais-. No lado contrario as caídas menos notables fican nas pensións e nos cámpings –de pouco máis de dous puntos en ambas-.

Os hoteis son unha vez máis a modalidade que rexistra a cifra de ocupación máis elevada da oferta regrada, cun promedio do 55,7% neste mes de xullo. A porcentaxe fica no 42,8% nos apartamentos turísticos, no contorno do 33% nas pensións e nos cámpings e no 30% nos establecementos de turismo rural.


% Ocupación nos establecementos regrados. Xullo 2018/17



RENDIBILIDADE HOTELEIRA

As tarifas hoteleiras en Galicia soben no mes de xullo –un 2,5%– situándose en 63,2 euros de media. É o quinto ano consecutivo no que acontece tal circunstancia o que leva a que a tarifa deste ano sexa a máis elevada da década. Este incremento prodúcese nun contexto de caída dos niveis de demanda e ocupación, superior en intensidade –en termos de ocupación por habitacións o descenso é do 5,6%– o que conleva un descenso paralelo dos niveis de rendibilidade –o RevPAR hoteleiro cae un 3,3% para situarse en 33,5 euros de ingreso medio por habitación dispoñible–.


Variación da ocupación, ADR e RevPAR no sector hoteleiro. Xullo 2018



RENDIBILIDADE HOTELEIRA

O descenso do RevPAR hoteleiro de xullo deste ano contrapónse aos incrementos observados nos cinco anos anteriores grazas á combinación de dous factores: mellora dos niveis de ocupación nun contexto de crecemento das tarifas hoteleiras. A caída deste ano provén do lado da demanda, cuxo descenso provoca un empeoramento dos niveis de ocupación, a pesar de que as tarifas hoteleiras continúan a tendencia de crecemento de anos anteriores. Con 33,5 euros de ingreso medio por habitación dispoñible, o dato deste mes de xullo sitúase obviamente por debaixo do dato de 2017 pero por encima da serie anterior desta década –en xullo de 2012 e 2013 a cifra quedaba en 22,5 euros-.


Variación da Ocupación, ADR e RevPAR Hoteleiro. Xullo 2012-18



RENDIBILIDADE HOTELEIRA

En termos absolutos, combinando o comportamento dos niveis de ocupación nun contexto de leve crecemento das tarifas hoteleiras, estímase que o sector hoteleiro rexistrou neste primeiro mes do verán algo máis de 38,3 millóns de euros de ingreso total por habitación ocupada, cifra que descende un 6,2% en relación ao mesmo período do pasado ano. A perda en termos absolutos sitúase por encima dos dous millóns de euros. O descenso deste ano contraponse aos incrementos observados nos últimos catro anos, conseguindo desta maneira superar os 40 millóns de euros de ingreso total en xullo do pasado ano.

Ingreso total por habitacións ocupadas no segmento hoteleiro. Xullo 2013-18




CAMIÑO DE SANTIAGO

En relación co número de Compostelas que expide a Oficina do Peregrino obsérvase neste primeiro mes do verán un incremento do 7,2% en relación ao mesmo período de 2017 acadando unha cifra total próxima ás 51 mil.

É o sétimo ano consecutivo no que se observa un crecemento do número de Compostelas situando a cifra deste 2018 –mes de xullo- en máximo histórico –supera nun 20% o dato do último Xacobeo 2010-.

Como é propio dun mes de temporada alta, o volume de peregrinos españois supera ao dos estranxeiros. O volume dos primeiros sitúase levemente por encima dos 30 mil mentres que a cifra de peregrinos estranxeiros fica en case 21 mil.

Evolución peregrinos en Galicia. Nº Compostelas, xullo 2011-18




CAMIÑO DE SANTIAGO


Obsérvase neste período un comportamento homoxéneo dos dous grandes segmentos segundo a procedencia. En relación ao pasado ano increméntase notablemente o volume de peregrinos españois –un 11,4% en particular- así como a cifra de peregrinos estranxeiros –un 1,5% neste caso- acadando estes últimos un máximo histórico con preto de 21 mil.

Por rutas destaca o Camiño Francés –co 56,9% do total-, que rexistra neste caso un suave crecemento do volume de peregrinos do 1,3%. Os restantes camiños amosan en global un maior dinamismo superando nun 14,9% as cifras do mesmo período do pasado ano –neste grupo cabe sinalar o incremento do volume de peregrinos no Camiño Portugués, do 15% neste mes-.

Evolución peregrinos, por procedencia. Xullo 2018/17



Evolución peregrinos, por rutas. Xullo 2018/17




EMPREGO NO SECTOR TURÍSTICO

En termos de emprego no sector turístico –en particular nas ramas de Hostalería e Axencias de Viaxe- obsérvase un incremento das afiliacións á Seguridade Social en relación ao pasado ano. Soben en concreto un 0,4% situándose a cifra de xullo en preto de 88 mil no conxunto da comunidade.

Son cinco anos consecutivos de incremento das afiliacións á Seguridade Social nas ramas citadas pasando dun promedio do contorno das 76 mil en xullo de 2013 a case 88 mil agora en 2018.

A nivel desagregado obsérvase que o incremento das afiliacións prodúcese en case todas as ramas consideradas. Soben nun 2,1% nos servizos de aloxamento e nun 8,3% nas actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos e similares. Nos servizos de restauración o volume de afiliacións mantense estable.

Evolución Afiliacións á Seguridade Social (Hostalería e Axencias de Viaxe). Xullo 2013-18



Informe de avaliación de datos turísticos

Verán 2018



galicia